<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. - Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
9	Climas da Terra e emerxencia climática	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Realización de textos e actividades empregando terminoloxía adecuada		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se afrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñecer e expresar os problemas da humanidade e as súas consecuencias, así como os ODS		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Entender a conexión entre os diferentes elementos da contorna (paisaxe, habitantes...)		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñecer e analizar os principais conflitos actuais, así como abordar posibles solucións	PE	70
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	Identificar os problemas da sociedade actual e propoñer solucións		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Entender a necesidade de protexer a contorna e propoñer actividades para isto		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Ser conscientes dos problemas sociais e buscar solucións		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realización de traballos relacionados cos contidos	TI	30
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaboración de esquemas, resumos e textos coa información necesaria		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entender e usar diferentes fontes e propoñer cuestións sobre temas importantes		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Ser capaces de debater sobre aspectos do mundo actual		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Aprender e aplicar comportamentos saudables e respectuosos cos demais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
10	O medio natural e o impacto do ser humano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Realización de textos e actividades empregando terminoloxía adecuada	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Entender a conexión entre os diferentes elementos da contorna (paisaxe, habitantes...)		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñecer e analizar os principais conflitos actuais, así como abordar posibles solucións		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Ser conscientes dos problemas sociais e buscar solucións		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñecer e expresar os problemas da humanidade e as súas consecuencias, así como os ODS		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaboración de esquemas, resumos e textos coa información necesaria		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Ser capaces de debater sobre aspectos do mundo actual	TI	30
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Entender a necesidade de protexer a contorna e propoñer actividades para isto		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Aprender e aplicar comportamentos saudables e respectuosos cos demais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.
- Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía irá enfocada a que o alumnado entenda e aprenda os contidos da materia, así como á consecución dos obxectivos e competencias clave. Para elo, haberá unha presentación e explicación por parte da docente dos contidos máis importantes da materia, o cal servirá de base e apoio ao alumnado. Intentaremos relacionar estes contidos co mundo coñecido polo estudiantado. Para as explicacións, utilizaremos diapositivas elaboradas pola docente. Apoiarémonos tamén nos recursos dixitais, así como en diferentes actividades: liñas do tempo, análise de textos e mapas, obras de arte, vídeos, etc. Así, traballaremos diferentes obxectivos e competencias. Con isto, conseguiremos tamén chegar a todo o alumnado, variando o tipo de actividades. Ademais, o alumnado tamén deberá realizar exercicios sobre a temática explicada, para favorecer a aprendizaxe dos contidos e o traballo autónomo do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos ou diapositivas do docente
Edixgal
Caderno de traballo do alumnado
Material audiovisual (imaxes, vídeos, documentais)
Prensa
Mapas xeográficos e históricos, gráficas, textos
Xogos interactivos para traballar os contidos
Novelas históricas, gráficas, cómics (material de ampliación)

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto ou os contidos de Edixgal son un importante apoio para o profesorado, xa que aglutinan todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrecen diversas e numerosas actividades a desenvolver. Usarase como base para a elaboración dos materiais por parte do profesorado, que elaborará diapositivas para facilitar o desenvolvemento das clases e o estudo por parte do alumnado.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual (Edixgal). Esta permite ao profesorado colgar elementos como diapositivas, mapas, enlaces... para que estean dispoñibles para o alumnado. Edixgal tamén permite deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis relacionadas cos contidos que se están a impartir e é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo poden ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal. Tamén poden funcionar como actividades de ampliación. Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión, pois favorecen un bo clima escolar, en función das dinámicas da aula. Tamén é interesante o uso da prensa, para tratar aspectos relacionados especialmente cos contidos de xeografía máis actuais.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias, pois ofrecen moitas vantaxes, pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable. Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso realizaremos unha proba diagnóstica inicial, na que se preguntarán conceptos relacionados coa materia que se impartirá ao longo do curso. Faise isto coa fin de observar o nivel de contidos, competencias e capacidades do alumnado. Poderemos tamén observar as posibles dificultades, así como valorar as diferenzas académicas entre o alumnado para, en caso necesario, establecer as medidas oportunas (reforzos, AC...) para atender á diversidade da aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	70	70	70	50	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	50	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	68
Táboa de indicadores	32

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua. Cada unidade ten un peso no total do curso, que será o mesmo para todas as UDs. Os criterios de avaliación avaliaranse mediante probas escritas (cun

peso dun 70%) e táboas de indicadores (30%). Os instrumentos de avaliación teñen unha % de peso na avaliación final: 70% exames e 30% outras probas (exercicios, traballos...).

As probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en relación cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente, a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión. A nota mínima que debe ter un exame para facer media con outro é un 3.

Ademais, realizaranse tamén exames de mapas físicos, que computarán dentro da nota do 3º trimestre, xa que o alumnado debe coñecer os principais accidentes xeográficos, tanto a nivel mundial como peninsular.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado, que poden ser traballos escritos, informes e redaccións, presentacións en ordenador, actividades realizadas no caderno, resumos e esquemas, exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse rúbricas adaptadas a cada tarefa, entre as que figurará unha que recolla a implicación do/da alumno/a no traballo.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media P.E.. x 70)+ (Media rúbricas T.I. x 30)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo, tendo en conta que cando o decimal é igual ou superior a 5, o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa, levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final = [(Nota 1ª aval. x 33) + (Nota 2ª aval. x 33) + (Nota 3ª aval. x 33)] / 100.

Para este cálculo, usarase a media real de cada avaliación, non a nota do redondeo. Se o resultado final non chega a un 5, o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nunha proba escrita final no que se examinarán os principais criterios de avaliación das unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser de 5 ou superior (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada; en caso contrario, quedaría pendente. En canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

No caso de que un alumno/a sexa visto copiando nun exame (sexa con papeis escritos, auriculares, mirando ao compañeiro...) o exame seralle retirado e a cualificación de dito exame será dun 0, sendo esta a nota que conte cando se fagan as medias trimestrais. Ademais, a ausencia aos exames deberá ser xustificada cun xustificante médico, para poder realizar a proba noutro momento. De non ser o caso, a materia correspondente a ese exame deberá ser examinada ao final do trimestre, xunto coas recuperacións.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións (é dicir, que non acade unha nota media dun 5) levarase a cabo un plan de recuperación, en función do aspecto principal que levou ao alumnado a non superar a avaliación. Se ten suspensa a parte avaliada con táboas de indicadores, deberá realizar algunhas actividades sobre os contidos a tratar, que serán avaliadas con rúbricas. Se ten suspensa a parte avaliada con probas escritas, deberá realizar un exame con preguntas sobre os aspectos máis importantes de cada unidade suspensa. Será cualificado nunha escala de 1 a 10. Tamén pode darse o caso de que o/a alumno/a deba recuperar ambas partes. As porcentaxes de cada parte seguirán o valor indicado nos criterios de cualificación.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerárase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse á recuperación extraordinaria ao final de curso. No caso do alumnado que suspenda a 3ª avaliación, irá directamente á extraordinaria, xa que non hai tempo suficiente para facer unha recuperación da 3ª avaliación previa á extraordinaria. Esta avaliación consistirá nunha proba escrita na que se examinarán os principais criterios de avaliación das unidades didácticas e tamén nos traballos a presentar polo alumnado. De todas formas, se o traballo xa foi entregado e valorado positivamente na recuperación da avaliación, o alumnado deberá presentarse só ao exame; en caso contrario, si debe realizalo de novo.

A cualificación final deberá ser de 5 ou superior para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas, a través das cales se traballan as competencias básicas. O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten. A entrega do cartafol de traballo será por trimestre. Se o alumnado entrega estas actividades en tempo cada trimestre, a materia quedará aprobada. En caso contrario, deberá facer unha proba escrita (baseada nas actividades do cartafol) en maio.

En virtude do anterior, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Na sesión de avaliación final, a profesora ou profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas variarán en función dos casos atopados na aula

As aulas son sempre diversas, dado que o alumnado é moi diferente entre si. Esta diversidade afecta a distintos aspectos, como poden os ritmos de aprendizaxe, os intereses ou motivacións, a forma de aprendizaxe, etc. O profesorado debe atender de igual maneira a todo o alumnado, polo que debemos adaptarnos a esa diversidade. Podemos facer isto de varias formas, como tratar temas variados para motivar a todo o alumnado, alternar distintas metodoloxías, propoñer diferentes tipos de actividades e materiais ou traballar con distintos tipos de agrupamentos, aspectos xa explicados con anterioridade.

Ademais, dentro da diversidade da aula, existen unha serie de alumnos e alumnas que presentan unhas situacións máis particulares que o resto. Este alumnado precisa, polo xeral, de actividades ou apoios específicos para seguir as aulas dunha maneira adecuada. As medidas que se levarán a cabo en relación a este alumnado estudaranse en función das NEAEs ou outros casos que atopemos nas aulas, aplicando en cada caso as medidas correspondentes e necesarias.

Así, as medidas de atención á diversidade danse en dous niveis. Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facelo máis comprensible. Deste xeito, o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis. Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades, pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

Ademais, realizaranse as adaptacións curriculares necesarias, en colaboración co Departamento de Orientación. Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental							X	X
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X	X		
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible							X	
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X		
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación cívico-social	X	X
ET.2 - Educación ambiental	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		
ET.4 - Emprendemento		X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X
ET.7 - Educación para a paz		
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

É moi importante tamén nesta materia o traballo da Educación cívica e social, que se traballa especialmente na parte histórica, con contidos relacionados coa creación das primeiras sociedades, as primeiras relacións de poder, as guerras, a democracia... Pero non se traballará só cos contidos, se non tamén coa actitude do alumnado, que deberá mostrar respecto, tolerancia, participación nos debates... É moi importante tamén traballar a igualdade, tanto de forma práctica dentro da aula, como a través dos contidos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente. O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria			X
Excursións de interese didáctico	complementaria		X	X
Roteiros didácticos	complementaria		X	X
Proxección de cine	complementaria	X	X	

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado, así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado. Así como que sexan útiles e lles sirvan para aprender ou afianzar os contidos. Para 1º ESO, intentarase realizar unha saída á cidade de Lugo, para tratar contidos relacionados co pasado romano da cidade (muralla, casa dos mosaicos, centro de interpretación da muralla...).

De todas formas, todas as posibles actividades complementarias propostas levaranse a cabo en función das posibilidades do centro, do alumnado e dos recursos dispoñibles na contorna.

As actividades complementarias que se realicen dentro do horario escolar terán carácter obrigatorio. A non asistencia a elas implicará a realización dun traballo relacionado coa temática a tratar na actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións e explica con claridade
Trabállanse as competencias e os elementos transversais
Adecuación da programación didáctica ao currículo

A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados
Ofrece oportunidades de recuperación
Metodoloxía empregada
Os materiais e recursos empregados son atractivos e variados
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
Valora o esforzo
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación da dificultade dos contidos ao nivel do alumnado
Poténciase o traballo individual e grupal
Medidas de atención á diversidade
As clases adáptanse á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Mantense o contacto co alumnado para coñecer dificultades, dúbidas...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ponse en contacto coas familias en caso necesario
Colabora con outros docentes e departamentos
Outros
Demostra coñecemento da materia
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. Haberá unha heteroavaliación e unha autoavaliación.

A heteroavaliación é realizada polo alumnado e consistirá nunha serie de preguntas (cuestionario cunha escala de valoración do 1 ao 5) relacionadas con aspectos como a metodoloxía seguida (variada, entretida, adecuada), as actividades realizadas (variadas, motivadoras), a comprensión das explicacións, a claridade dos criterios de cualificación...

A autoavaliación é realizada polo propio docente, mediante unha serie de preguntas (cuestionario cunha escala de valoración do 1 ao 5) relacionadas coa programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación), o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos...) e a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.).

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados